



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español

Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01927			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Beatriz Maria			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Esta materia de tradución 100% directa lle permitirá ao alumno unha primeira aproximación á teoría e práctica da tradución editorial, principalmente no ámbito da tradución literaria. O alumno será capaz de identificar as características dos textos literarios, de defender as súas propostas de tradución, de avaliar textos literarios traducidos e manexará as estratexias de trasvase e fontes de documentación necesarias.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A10	Capacidade de traballo en equipo
A11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A12	Posuír unha ampla cultura
A15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A22	Destrezas de tradución
A25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
A26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
A27	Capacidade de razoamento crítico
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B16	Adaptación a novas situacións
B18	Creatividade

B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
O alumno será capaz de analizar o rexistro e as características estilísticas do texto fonte, o que lle permitirá manexar as estratexias de trasvase máis axeitadas.	A1 A2 A5 A18 A22 A25 A26	B10 B14 B16
O alumno será capaz de resolver os problemas de tradución defendendo o seu traballo.	A4 A8 A10 A11 A15 A17 A19 A22 A25 A27 A31	B4 B6 B7 B8 B9 B12 B13 B14 B18 B19 B22
O alumno coñecerá a situación do mercado da tradución editorial inglés-español e as fontes de documentación disponibles.	A2 A8 A12	B4 B14 B22
O alumno será capaz de traballo en grupo de forma eficiente.	A27	B4 B5 B8 B11 B12 B13 B19 B20 B23 B24

### Contidos

Tema	
1. A tradución editorial /a tradución literaria. Conceptos básicos.	Diferentes modelos teóricos. Terminoloxía. Fontes de documentación. Situación do mercado editorial.
2. Problemas de tradución literaria e estratexias de trasvase.	Contexto de situación, contexto de cultura e problemas de análise lingüístico.
3. Análise contrastiva, avaliación e crítica de traducións literarias.	Revisión de traducións literarias.
4. Tradución da literatura infantil e xuvenil.	Especificade e problemática da tradución de textos LIX.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	10	0	10
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	30	30
Traballos de aula	8	0	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	0	22
Traballos tutelados	0	30	30
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudos/actividades previos	0	16	16
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Sesión maxistral	Nestas sesións introducíranse os puntos teóricos que se implementarán a continuación mediante diferentes tarefas e que o alumnado necesita para poder traducir os textos con eficacia e calidade.
Titoría en grupo	As titorías permitirán o comentario e revisión das encomendas.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os aspectos teóricos exercitaranse mediante diferentes tarefas dun xeito invidual na casa.
Traballos de aula	Diferentes tarefas que poñen en práctica os contidos e que buscan fomentar o espírito crítico e o traballo en equipo.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Diferentes actividades de resolución de problemas de tradución en textos literarios concretos que permitan analizar e resolver os problemas de trasvase.
Traballos tutelados	Dúas encomendas de tradución que constan de tradución e comentario crítico no que o alumnado xustifique as estratexias de trasvase manexadas.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente.
Estudos/actividades previos	Todas as unidades teñen una bibliografía obrigatoria das que o alumnado terá que realizar diferentes actividades.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.
Traballos de aula	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.
Traballos tutelados	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Participación activa nas tarefas de aula.	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	A) Entrega de actividades sobre as lecturas obrigatorias (novela e lecturas das unidades a determinar pola profesora). 10%. B) Entrega de actividades de tradución, análise contrastiva de textos e outras tarefas. 15%.	25
Traballos tutelados	Dúas encomendas de tradución: tradución e comentario crítico tradutolóxico. Cada unha de elas suporá o 20% da nota.	40
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame final da materia que constará de dúas partes realizadas en sesións diferentes e cun valor de 5 puntos cada unha. A primeira parte será unha tradución (con dicionarios, sen ordenador) dun fragmento dunha das obras traballadas na clase e a segunda incluirá un comentario crítico dunha tradución e cuestións teóricas que terán que estar redactadas en castelán.	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A materia é presencial (80% asistencia obrigatoria, salvo caso excepcionais). Se o alumno, por motivos xustificadas, non pode seguir este sistema de avaliación deberá renunciar por escrito o primeiro mes de clase. Neste caso a cualificación será únicamente a do exame final de xuño, que incluirá todos os contidos da materia, igual que os alumnos que se presenten ao exame de xullo. Se se detecta que os traballos ou tarefas son plaxios a cualificación será 0.

O exame final da materia terá lugar das dúas últimas sesións (seguindo o calendario académico). As datas estarán colgadas

en FAITIC. Como consta no apartado de avaliación, a proba terá dúas partes cun valor de 5 puntos cada unha. Na penúltima sesión desenvolverase a primeira parte da proba: unha tradución (con dicionarios, sen fontes telemáticas) dun fragmento dunha das obras traballadas na clase. A segunda incluírá un comentario crítico contrastivo dun texto meta (con dicionarios) e o texto fonte e cuestións teóricas sobre os contidos do temario (e as lecturas obrigatorias).

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

Lectura novela obrigatoria. O alumno terá que escoller unha das seguintes obras: *White Teeth* (Zadie Smith), *Atonement* ou *Enduring Love* (Ian McEwan) ou *Beloved* (Toni Morrison).

### **BIBLIOGRAFÍA**

, L. 2000. «Towards a Terminology for Translation Quality Assessment. A Comparison of TQA Practices». *The Translator* 6/ 2, 169-182.

1996. *The Penguin Guide to English Literature: Britain and Ireland*. London: Penguin Books.

Classe, O. (ed.) 2000. *Encyclopedia of Literary Translation into English*. London: Fitzroy D.

Children's Literature in Translation Dali, K., J. Dilevko y G. Garbutt.

Federici, F. M. (ed.) 2011. *Translating Dialects and Languages of Minorities. Challenges and Solutions*. New Trends in Translation Studies 6. Oxford, Bern, Berlín, Bruselas, Frankfurt, New York, Viena: Peter Lang.

Flotow, L. 1997. *Translation and Gender Feminist Theories Explained*. Brooklands: St. Jerome.

France, P. 2000. *Oxford Guide to Literature in English Translation*. Oxford: Oxford University Press.

2005. *The Oxford History of Literary Translation in English*. Oxford: Oxford University Press.

Gaddis Rose, M. 1997. *Translation and Literary Criticism*. Manchester: St. Jerome.

García López, R. 2000. *Cuestiones de Traducción. Hacia una teoría particular de la traducción de textos literarios*. Granada: Comares.

Gentzler, E. 2001. *Contemporary Translation Theories*. Routledge.

Arco: Madrid.

Hatim, B. y I. Mason 1997. *The Translator as Communicator*. London: Routledge.

Hermans, T. 1999. *Translation and Systems: Descriptive and System-Oriented Approaches Explained*. Manchester: St. Jerome Press.

Holmes, J. 1998. *Translated! Papers on Literary Translation and Translation Studies*. Amsterdam: Rodopi.

The Nature of Translation. Essays on the Theory and Practice of Literary Translation La Haya: Mouton.

House, J. 1997. *A Model for Translation Quality Assessment*. Tübingen: Gunter Narr.

Jin, D. 2003. *Literary Translation*. Manchester: St. Jerome.

Katan, D. 2004. *Translating cultures*. Manchester: St. Jerome.

Lambert, J. y H. Van Gorp. 1985/ 1991. «Describing Translations», en Hermans, T. (ed.). *The Manipulation of Literature. Studies in Literary Translation*. London: Croom Helm.

Landers, C. E. 2001. *Literary Translation. A practical Guide*. Multilingual Matters: Universidad New Jersey City.

Torre, E. 1994. *Teoría de la traducción literaria*. Venuti, L. 1995. *The Translator's Invisibility*. London: Routledge.

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

---

**Outros comentarios**

---

A bibliografía completárase na clase.

As sesións poderán adaptarse a homoxeneidade do alumnado.

---